

# MARCA PERSOAL E IDENTIDADE DIXITAL. APRENDE A CONSTRUIR E A USAR A TÚA MARCA PERSOAL EN INTERNET

RELATOR: JAVIER VARELA

DATA: 14/02/2017

 amtega  
Axencia para a  
Modernización Tecnolóxica

 XUNTA  
DE GALICIA

## CAL É O PROGRAMA?

- **Que é** unha marca persoal?
- **Beneficios** de ter unha marca persoal
- Creando a miña marca persoal: **EU**
- **Plan de comunicación** da miña marca persoal

## QUEN O IMPARTE?

### Javier Varela

Consultor de Marketing, Estratexia e Comunicación en Toctocmedia, axencia especializada en mercadotecnia e comunicación en liña.

Traballou en multitude de proxectos de marketing e marketing en liña para importantes marcas e empresas privadas, así como para institucións públicas. Entre eles, desenvolveu e colaborou en accións para Volkswagen, Absolut, Telefónica, Iberia, Havana Club, Gradient, Fundación Altius, Lizarrán, Albariño Paco & Lola, Conservas Calvo, Meubook, AERCO, Igape, Femxa, Empresa e Finanzas Galicia, e participou en dinamización de campañas na web 2.0 para empresas como Destinia, Monster, McDonalds, Noogle, Spoonch, Escola de Creativos Complot de Barcelona etc.

É relator habitual en foros e congresos de mercadotecnia, así como formador nesta disciplina en diferentes centros e escolas de negocios. É administrador do blog The orange market.

Organizan:

## CANDO E ONDE?

14 de febreiro de 2017  
16.15 a 19.15 h

**Presencial:** Centro Demostrador  
TIC. CNTG.  
Rúa Airas Nunes, s/n – Conxo.  
Santiago de Compostela

## INSCRIPCIÓN

 **Presencial:** [cdtic.xunta.gal](http://cdtic.xunta.gal)

## PARA QUEN?

Responsables e profesionais de RRHH e, en xeral, a todas as persoas que consideren que o talento, o saber facer das persoas, é un elemento clave na súa actividade profesional e para a actividade das organizacións.

## POR QUE?

O obxectivo xeral da charla é mostrarlles ás persoas asistentes a importancia de ter que **traballar a súa propia marca persoal para saír ao mercado** (neste caso, ao mercado laboral) como un produto individual diferenciado. Trátase de que mostren as súas **características, propiedades e vantaxes**, conseguindo destacalas e desta forma facelas visibles nun mundo cada vez máis competitivo e global. Tamén se pretende mostrarlles ás persoas asistentes as **ferramentas, os escenarios e as linguaxes apropiadas para xestionar a súa identidade dixital profesional** como a mellor forma de dirixir a súa carreira cara aos obxectivos que se marquen, así como atopar un traballo que se adapte ás súas características profesionais.